



Guía didáctica O futuro non se vende

Mulleres defensoras en pé de terra

Edita: **InteRed**
por una educación transformadora

Título: *O futuro non se vende. Mulleres defensoras en pé de terra*

Coordinación: InteRed

Autoría: PURA QUITERIA

Fotografías: PURA QUITERIA

Ilustracións: Joly Navarro

Diseño e maquetaxe: PURA QUITERIA

Data de publicación: Outubro 2025

ISBN: 978-84-121198-9-3

Licenza Creative Commons: Este material está baixo unha licenza Creative Commons Atribución-NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional (CC BY-NC-SA 4.0)/ Creative Commons Attribution-NonCommercial-NoDerivatives 4.0 International. Para ver unha copia desta licenza, visita a seguinte páxina: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/>



Financia:

 MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES, UNIÓN EUROPEA Y COOPERACIÓN	 aecid	 Cooperación Española
--	--	---

Esta publicación forma parte do proxecto *Construíndo comunidades coeducativas activas pola igualdade e a sostibilidade: o coidado das persoas e o planeta no centro* financiado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID). O contido desta publicación é responsabilidade exclusiva de InteRed e non reflicte necesariamente a opinión da AECID.

Ola!

Dámosche a benvida a esta proposta educativa pensada para achegar á aula as loitas socioambientais que protagonizan moitas mulleres defensoras da terra en diferentes partes do mundo. A través do vídeo *O futuro non se vende. Mulleres defensoras en pé de terra* e mediante preguntas de reflexión e actividades participativas, este material busca espertar conciencia crítica, sensibilidade ecolóxica e sentido de xustiza entre o alumnado.

Esta guía non é unicamente unha ferramenta pedagóxica: **é unha invitación a imaxinar outros mundos posibles e a recuperar a esperanza**, porque cremos que a imaxinación é unha forza transformadora capaz de facernos avanzar cara a futuros máis xustos, habitables e sostibles.

A quen se dirixe?

Este recurso está pensado para que o **profesorado o empregue con alumnado de ESO, Bacharelato e Formación Profesional**.



Miradas ecotópicas

Esta guía parte dunha convicción clara: **a transformación ecosocial arranca por imaxinar outros mundos posibles**. Nun contexto de múltiples crises —climática, social, enerxética, de coidados...— necesitamos ferramentas que nos axuden non só a entender o presente, senón tamén a construír colectivamente futuros desexables.

Xa que logo, **este recurso está elaborado desde unha mirada ecotópica**¹ que busca imaxinar futuros xustos, sostibles e habitables para incentivar a mobilización e escapar da ecoansiedade².

¹ A ecotopía é unha visión esperanzadora de futuros sostibles e xustos en harmonía coa natureza.

² A ecoansiedade, en cambio, reflicte o malestar emocional que moitas persoas, sobre todo novas, senten ante a crise ecolóxica. Vincular ambos os conceptos permite abordar o coidado do planeta desde o recoñecemento da dor, pero tamén desde a posibilidade de imaxinar e construír alternativas transformadoras.

Este recurso apóiase en tres alicerces fundamentais:

- **Cosmovisión e territorio:** as defensoras non só loitan contra proxectos extractivistas ou contaminantes; defenden un modo de vida, unha forma de habitar o territorio baseada no coidado, a reciprocidade e a memoria colectiva. As súas loitas son tamén culturais e simbólicas: protexer unha lingua, uns saberes e unha relación coa terra que non está guiada polo beneficio económico, senón polo valor da vida.
- **Desigualdades interconectadas:** a crise climática non é un fenómeno illado. Está entrelazada co colonialismo³, o patriarcado⁴ e o capitalismo⁵. As mulleres defensoras, moitas veces desde contextos rurais ou do Sur global, resisten na intersección de múltiples violencias e desigualdades. Por iso, as súas voces son fundamentais: visibilizan outras formas de organización social, comunitaria e económica que desafían o sistema.
- **Imaxinación e acción:** fronte ao medo e a parálise, propomos actividades que convidan a imaxinar, soñar, crear e actuar. Non queremos quedarnos só na denuncia do que non funciona. Esta guía recolle narrativas inspiradoras, iniciativas reais e prácticas pedagóxicas que devolven a capacidade de actuar e de construír alternativas colectivas.

De onde nacee?

Ante a necesidade de referentes transformadores e mais a necesidade de entender a dimensión global da problemática e das solucións para un sistema de vida máis sostible, elabórase o vídeo *O futuro non se vende. Mulleres defensoras en pé de terra*, que mira a nosa contorna para coñecer tres loitas e modelos de desenvolvemento a través da mirada e as narrativas de tres mulleres, defensoras do territorio de Galicia, País Vasco e Castela e León.

Co fin de tirarlle o máximo proveito ao vídeo, confeccionouse esta guía que, ao igual que o audiovisual, realizouse no marco do proxecto *Construíndo comunidades coeducativas activas pola igualdade e a sostibilidade: o coidado das persoas e o planeta no centro*, implementado por InteRed e financiado pola AECID.

³ É un sistema de dominación que historicamente situou Europa e Norteamérica por riba doutros pobos, o que permitiu xustificar o saqueo dos seus recursos e manter os devanditos pobos en situacións de desigualdade ou dependencia. Malia mudaren as formas, os seus efectos aínda se notan hoxe en día.

⁴ Conxunto de ideas e actitudes que fai que os homes teñan máis poder e privilexios que as mulleres. Como consecuencia, xérase unha desigualdade de oportunidades que prexudica as mulleres en todas as dimensións da súa vida

⁵ Sistema económico actual onde o máis importante é gañar diñeiro. Este sistema potencia a concentración da riqueza nunhas poucas persoas, de xeito que se xeran desigualdades sociais e económicas.

Guía para te orientar

O material estrutúrase en dous grandes bloques. O primeiro profunda na crise ecosocial na que estamos inmersas, desde unha mirada global que interrelaciona diferentes sistemas de poder. O segundo bloque ocupa a maior parte do material e explora miradas ecotópicas para imaxinar futuros posibles.


Cada bloque conta cunha breve introdución teórica que ofrece ao profesorado as claves conceptuais necesarias, un vídeo fórum de cada fragmento do vídeo que axuda a introducir o tema das actividades da ficha e dúas actividades, unha para 3º e 4º de ESO e outra para Bacharelato e Formación profesional.

A continuación, preséntase un índice do documento:

Bloque 1. Quérennos comprar o futuro: cando a Terra e os pobos son explotados

• **Ficha 1: A crise ecosocial**

- Videofórum <<Fragmento 2:07 ata 8:48>>
- Actividade 1: Desenredando os privilexios
- Actividade 2: O mapa dos conflitos socioambientais



Fai clic para chegar máis rápido

Bloque 2. O futuro non se vende: imaxinar outros futuros para cambiar o presente

• **Ficha 2: Como imaxinas o futuro?**

- Videofórum <<Fragmento 0:00 ata 1:03>>
- Actividade 1: Postais desde o futuro
- Actividade 2: Un mapa para chegar ao futuro

• **Ficha 3: Defensoras da terra e a vida**

- Videofórum <<Fragmento 1:04 ata 2:07>>
- Actividade 1: As defensoras que nos rodean
- Actividade 2: Corpo-territorio

• **Ficha 4: Por que defendes esta causa?**

- Videofórum <<Fragmento 8:48 ata 11:13>>
- Actividade 1: Revista de boas noticias para o planeta
- Actividade 2: Colaxe da ecodependencia

• **Ficha 5: Que é para ti a natureza?**

- Videofórum <<Fragmento 14:47 ata o final>>
- Actividade 1: Natureza resistente
- Actividade 2: Paisaxes sonoras

• **Ficha 6: Mocidade sementando o futuro**

- Videofórum <<Fragmento 11:14 ata 14:36>>
- Actividade 1: Mapa da natureza da miña vida
- Actividade 2: Infinicións: da palabra á acción

Este material non procura encaixar á perfección nun currículo pecho. Máis ben, propón abrílo, ampliálo, facelo respirar. Por iso, animámoste a:

- Saír da aula, observar o barrio, investigar o territorio.
- Readaptar as propostas segundo o contexto e o grupo.
- Darlles espazo ás emocións e á imaxinación.
- Conectar o que se ensina co que se vive.

Atrévete a probar. A educación transformadora non precisa certezas, só compromiso, coidado e preguntas valentes.

Nota das autoras

Optamos por utilizar o feminino como xenérico de forma consciente e como posicionamento político. Tradicionalmente, a linguaxe empregou o masculino como forma *neutra* ou universal, o que invisibilizou a máis da metade da poboación.

Usar o feminino plural como forma inclusiva de todas as persoas é unha maneira de descentrar o masculino como norma e de visibilizar outras experiencias, outros coidados, saberes e xeitos de estar no mundo que historicamente foron silenciados.

Ademais, moitas das persoas protagonistas das loitas ecosociais son mulleres, defensoras, labregas, activistas, coidadoras ou mozas comprometidas, polo que falar en feminino tamén é unha forma de recoñecemento e reparación simbólica.

Non se trata só dunha cuestión gramatical, senón dunha elección ética, política e pedagóxica.





O futuro non se vende

Porque non queremos un futuro comprado con destrución.
Porque defendemos unha vida digna para todas as persoas.
Porque coidar tamén é resistir.
Porque imaxinar é empezar a construír.

BLOQUE 1



Querénnos comprar
o futuro: eando a
Terra e os pobos son
explotados

Hoxe en día, o planeta está a atravesar unha grave crise ambiental, pero tamén política, económica, cultural e ética, denominada **crise ecosocial**. Para entender o perigo que atravesa o noso planeta e a humanidade, hai que comprender de que maneira se organizaron historicamente as relacións de poder entre países, pobos e persoas.

O Norte consome, o Sur resiste

Durante séculos, os territorios con maior riqueza natural, en , África, América Latina, Asia e Oceanía, foron explotados coma se fosen fontes inesgotables de recursos: bosques pinchados, minerais extraídos, ríos contaminados, terras ocupadas... Todo para **soster un modelo económico baseado no crecemento e o consumo que beneficiou principalmente o Norte Global**. Hoxe en día, este sistema segue vivo e baséase en extraer sen límite, producir en exceso e consumir sen freo. Trátase dun modelo que necesita grandes cantidades de enerxía, auga, minerais e traballo mal pago para seguir funcionando.

Esta economía de refugallo xera riqueza nalgúns partes do mundo á custa do empobrecemento e a destrución doutras. **As grandes cidades do Norte Global poden soste o seu consumo grazas ao sacrificio de territorios enteiros que perden a soberanía, a saúde ambiental e as formas de vida de seu**. As persoas que viven nestes territorios, moitas veces comunidades orixinarias, afrodescendentes, labregas ou pescadoras, non só teñen que renunciar aos seus medios de vida, senón que tamén ven ameazada a súa cultura, a súa identidade e o seu dereito a habitar o mundo ao seu xeito.

Ruptura dos vínculos e do coidado

Esta crise, **alén de destruír a natureza, rompe os vínculos humanos**. O sistema produtivo no que vivimos dálle máis importancia ao que xera diñeiro que ao que realmente precisamos para vivir ben. Por exemplo, destínanse fondos públicos a construír grandes centros comerciais mentres se recortan recursos ou se pechan pequenos centros de saúde e de atención comunitaria que son esenciais para o coidado de persoas maiores. Con todo, hai traballos que son fundamentais para a vida, como coidar doutras persoas, limpar, cociñar ou acompañar a quen o precisa. Estes traballos non adoitan estar ben pagos nin seren recoñecidos, e a maioría das veces encárganse deles as mulleres. Aínda que son esenciais para que todo funcione, case nunca aparecen nas noticias nin se teñen en conta á hora de tomar decisións importantes.

Cando se dana a natureza de maneira grave, ao igual que cando secan os ríos, se contaminan os solos ou se queiman os bosques, non só perdemos plantas, animais ou paisaxes. Tamén se rompen as formas nas que as persoas se organizan, se axudan e conviven, e **son as mulleres as que máis sofren as consecuencias, xa que son elas as que se encargan de coidar e de soste as vidas**.

Outra das consecuencias máis graves da crise ecosocial é que **cada vez máis persoas se ven obrigadas a deixar os seus fogares por causas relacionadas co clima e o medio ambiente**. Isto chámase migración forzada por motivos climáticos e ocorre cando, por exemplo, xa non hai auga suficiente, as colleitas se perden por secas ou inundacións, ou as terras xa non se poden cultivar porque están contaminadas ou se esgotaron pola sobreexplotación. Cando isto pasa, moitas familias perden a súa forma de vida e non teñen outra opción que marchar para buscar traballo, alimento ou un lugar seguro onde vivir.

Por iso dicimos que a crise ecosocial tamén é unha crise do arraigamento, do sentido de pertenza. É dicir, non só se perden recursos materiais, como a auga ou a terra, senón tamén formas de vida, cultura, memoria e comunidade. **Rómpease a posibilidade de vivir con dignidade no propio lugar, de coidar a contorna e de soste unha vida que non estea marcada pola urxencia, a precariedade ou o desarraigamento.**

A crise ecosocial tamén está aquí

Pode parecer que os problemas ambientais só ocorren noutros países, pero o certo é que **en España tamén estamos a vivir unha crise ecosocial con consecuencias importantes para as persoas e o medio ambiente.**

Por exemplo, cada vez hai máis secas en moitas zonas do país. Isto sucede porque chove menos debido ao cambio climático, pero tamén porque se usa moitísima auga para regar grandes cultivos intensivos, como os de froitas e hortalizas que se exportan a outros países. Ademais, nalgunhas rexións turísticas consómese unha gran cantidade de auga en hoteis, campos de golf e piscinas, mentres que en aldeas próximas hai persoas que teñen cortes de auga nas súas casas ou non poden regar os seus propios hortos.


Outro problema é o uso de fertilizantes e pesticidas químicos na agricultura industrial, que contaminan ríos, acuíferos e solos. Isto, amais de danar a natureza, pode afectar a saúde das persoas que viven preto deses cultivos ou que beben auga de pozos contaminados.

Para alén diso, hai macrogranxas, que son explotacións con miles de animais —como porcos ou vacas— criados en espazos reducidos. Estas granxas xeran enormes cantidades de residuos, sobre todo xurros —ouriños e excrementos dos animais—, que contaminan o aire, o solo e a auga. Moitas veces, estas instalacións sitúanse a carón de pequenas vilas, onde a poboación sofre as consecuencias —mal cheiro, ruído ou contaminación— sen ser informada nin consultada con antelación.

Outro tema preocupante é a extracción de minerais e recursos naturais. En distintas partes de España existen proxectos mineiros que danan os ecosistemas e afectan as comunidades próximas, ben pola contaminación da auga, a destrución da paisaxe ou o ruído constante. Un exemplo é a reapertura de minas en zonas rurais, a miúdo sen que as veciñas e os veciños poidan decidir se as queren ou non.


Por último, os incendios forestais son cada vez máis frecuentes e graves. Isto débese, en parte, ao abandono do campo, ao mal coidado dos bosques e ás altas temperaturas provocadas polo cambio climático. Os devanditos incendios, amais de destruíren miles de hectáreas de natureza, poñen en perigo a vida de persoas e animais, e obrigan a moitas familias a abandonar as súas casas.

Como ves, a crise ecosocial non é algo que acontece só noutras partes do mundo. Está a pasar aquí, agora, e afecta tanto á natureza como ás persoas, sobre todo ás que viven en zonas rurais ou máis vulnerables. Xa que logo, **é importante entender o que está a ocorrer, para poder imaxinar e construír un futuro diferente.**



FICHA 1

A crise ecossocial



Videoforum

Para preparar as actividades deste bloque, propómosche que primeiro proxectes o fragmento do vídeo *O futuro non se vende. Mulleres defensoras en pé de terra* que vai do minuto 2:07 ao 8:48.

Este fragmento presenta o testemuño de Isabel, Eider e Belén, tres mulleres defensoras do territorio desde Galicia, Euskadi e Castela e León, que relatan a súa experiencia e o seu compromiso coa defensa da Terra. Velaquí un breve resumo desta parte:

- Falan da reapertura da mina de Touro en Galicia, do proxecto museístico exposto na reserva natural de Urdaibai e do modelo da agroindustria actual.
- Reflexionan sobre as consecuencias medioambientais e sociais dos diferentes conflitos.
- Conversan sobre as consecuencias destes conflitos e as formas de produción alimentaria e como lles afectan de xeito específico ás mulleres.

A partir desta visualización, expomos unha serie de preguntas para xerar unha reflexión colectiva na aula.

- Que consecuencias para o medio ambiente e as persoas teñen os distintos conflitos socioambientais?
- En que se basea o modelo agroalimentario⁶ actual?
- Que teñen en común os diferentes conflitos socioambientais dos que falan as defensoras?
- Por que cres que a crise ecosocial lles afecta sobre todo ás mulleres?
- Que significa que os traballos de coidados sexan invisibles?
- De que maneira inflúe o noso estilo de vida na crise ecosocial?
- Credes que estes conflitos ambientais están relacionados cos problemas ambientais doutras partes do mundo?
- Coñeces outros conflitos ambientais? Teñen algo en común cos que se explican no vídeo?

A continuación, propomos varias actividades para seguir comprendendo as consecuencias da crise ecosocial.

⁶ O modelo actual de produción de alimentos baséase en obter grandes cantidades en pouco tempo para vender en mercados globais. Para logralo, cultívanse enormes extensións de terra cun só produto —monocultivo—, utilizando moitas máquinas e produtos químicos como fertilizantes e pesticidas. O seu obxectivo principal é obter beneficios económicos, non coidar do medio ambiente nin das persoas. Este modelo xera graves consecuencias: contamina o solo e a auga, reduce a biodiversidade —desaparecen animais e plantas— e aumenta as desigualdades sociais, xa que as ganancias se concentran en poucas mans.

ACTIVIDADE 1. Desenredando os privilexios

Curso

3º e 4º ESO

Duración

1 ou 2 sesións (50-60 minutos por sesión)

Materiais

- Folla en branco (folio ou cartolina)
- Lapis, rotuladores ou cores
- Regra (opcional)

Obxectivos

- Reflexionar sobre a nosa identidade
- Entender como a nosa identidade inflúe na nosa vida diaria
- Recoñecer os privilexios que podemos ter sen nos decatarmos

O privilexio é o acceso exclusivo a recursos; unha vantaxe ou a inmunidade por pertencer a un grupo social específico. Os motivos polos cales estes grupos posúen maiores privilexios **non son naturais**: son culturais, históricos e complexos, e baséanse en procesos de desposesión e exclusión.

O privilexio adoita ser invisible para quen o posúe: nun sistema patriarcal e dominado por corpos brancos, ser home cis branco é un privilexio. **Ter privilexios non te converte nunha mala persoa, pero si parte dun sistema desigual.** Unha vez que se produce a toma de conciencia, é importante o labor cotián de revisarse e entender como os privilexios propios están a manter un sistema ou mesmo oprimindo a alguén máis sen se decatarmos.

Tomar conciencia tamén nos permite apoiar as loitas e as reivindicacións doutros colectivos, así como contribuír a visibilizar as desigualdades que enfrontan. Deixámosche unha táboa de exemplo que che pode axudar a explicar a actividade.

Canto máis falamos sobre as nosas identidades e a forma en que inflúen na nosa experiencia do mundo, mellor podemos entender como están conectadas tanto cos privilexios como cos prexuízos que podemos experimentar. Con sorte, algún día viviremos nunha sociedade onde teñamos igualdade de oportunidades e acceso a unha contorna segura e saudable. Mentres tanto, é crucial comprender e desentrañar o privilexio para achegarnos a un futuro máis equitativo para todas as persoas.

ACTIVIDADE 1. Desenredando os privilexios

Situación	Que pode ser un privilexio aquí?	Exemplo cotián
Xénero	Ser percibido como home nunha sociedade machista.	Na clase, os mozos adoitan falar máis sen que ninguén os interrompa. As mozas teñen que esforzarse máis para que as escoiten.
Cor de pel	Ser branco nunha sociedade onde o racismo existe.	Nunha tenda non te seguen para “vixiarte”. Porén, ao teu compañeiro racializado ou á túa compañeira racializada si.
Educación	Ter acceso a bos recursos educativos.	Podes ter o teu propio espazo para estudar, wifi e materiais. Outras persoas non teñen ningún lugar tranquilo onde facer os deberes.
Documentación	Estar en situación administrativa regular nun país e ter a documentación que o acredita ou contar coa nacionalidade do país onde vives.	Podes viaxar, solicitar bolsas ou recibir atención médica sen medo. Alguén en situación irregular ten medo de ser deportada.
Diñeiro na casa	Vivir sen preocupacións económicas graves.	Podes pagar unha academia, ir de excursión ou cambiar o móbil se se estraga. Outras persoas non poden.
Saúde mental e física	Non ter problemas de saúde importantes.	Podes facer deporte, concentrarte na clase, relaxarte, desconectar dos problemas, sentir tranquilidade... Hai quen ten que esforzarse moito máis.

ACTIVIDADE 1. Desenredando os privilexios

Descrición da actividade

Explícalle ao grupo que van construír un *mapa* persoal dos seus privilexios. Non é un exame nin se vai compartir sen consentimento. O obxectivo é mirar cara a dentro, pensar sobre a nosa identidade e recoñecer as vantaxes que ás veces damos por sentadas.

Debuxa o teu centro

Pídelle ao alumnado que, de maneira individual, escriba o seu nome ou debuxe no centro da folla unha silueta ou figura que as e os represente —pode ser unha persoa, unha flor, un corazón, un símbolo que as e os identifique...— e explícalles que o que debuxen ou escriban é o que as e os vai representar como persoas.

Explora a túa identidade

A continuación, indica que, ao redor do seu nome ou debuxo, escriban ou debuxen información arredor de si. Para iso, poden escribir frases, usar cores, debuxar iconas... O que prefiran.

Deben incluír estes aspectos:

- Idade (ex.: 15 anos)
- Xénero (ex.: moza, mozo, persoa non binaria...)
- Etnia (Ej: branca, mestiza, xitana, racializada...)

- Lugar onde vives (ex.: vila, cidade, zona rural...)
- Idiomas que falas (ex.: español, árabe, catalán, inglés...)
- Situación económica da túa familia (ex.: os meus pais teñen traballo estable, na miña casa ás veces custa chegar a fin de mes...)
- Relixión ou crenzas (ex.: cristián/á, musulmán/á, ateo/a...)
- Saúde mental, física ou diversidade funcional (ex.: uso cadeira de rodas, teño TDAH, son neurotípica/o...)
- Acceso a dereitos básicos (ex.: teño Internet na casa, teño médica ou médico de familia, vou ao instituto sen problemas...)

Que de todo iso che dá vantaxes?


Con outra cor ou usando símbolos como ★ (vantaxe) ou ⚠ (dificultade), indícalles que marquen os aspectos da súa identidade que lles dan privilexios.

Exemplos de cousas que poderían marcar como privilexios:

- *Teño casa con calefacción e auga quente.*
- *Podo usar o baño do instituto sen medo nin incomodidade.*
- *O profesorado enténdeme cando falo.*
- *Ninguén me molesta por como me visto.*
- *Nunca me pararon pola rúa por ser doutra etnia.*

Tamén poden escribir á beira como se sente ter —ou non ter— ese privilexio.

ACTIVIDADE 1. Desenredando os privilexios



Exemplo de mapa persoal

Máis

Mural colectivo

Pídelle a cada persoa que debuxe un círculo con cadanseu privilexio máis evidente. Pódense pegar todos na parede ou nunha cartolina grande e colocalos na aula para visibilizar a diversidade de experiencias do grupo clase.

Reflexión final

- De que maneira está relacionada a miña identidade cos meus privilexios ou a ausencia deles?
- Cales son algunhas das cousas que dou por sentado como membro dun grupo privilexiado?
- En que se diferencian as experiencias do meu grupo social das doutro grupo?
- Que formas se che ocorren de redistribuír os teus privilexios entre máis persoas?
- Que relación teñen os privilexios coa crise ecosocial?

ACTIVIDADE 2. O mapa dos conflitos socioambientais

Curso

Bacharelato e formación profesional

Duración

2 sesións (50-60 minutos por sesión)

Materiais

- Proxector
- Móbil ou computadores
- Acceso a Internet
- Mapa de España físico ou aplicacións

Obxectivos

- Investigar e comprender conflitos socioambientais concretos no Estado español
- Reflexionar sobre as súas consecuencias sociais, ambientais e de xénero
- Visibilizar as loitas de defensa do territorio

Os conflitos socioambientais teñen impactos profundos tanto nas persoas como no planeta. Adoitan xurdir cando se explotan de forma inxusta ou insostible os recursos naturais como a auga, a terra, os bosques ou os minerais, sen ter en conta os dereitos da xente que habita estes territorios nin os límites da Terra.

Estes conflitos provocan contaminación, perda de biodiversidade, desprazamentos forzados, enfermidades e deterioración de medios de vida tradicionais. Ademais, agravan a crise climática e a desigualdade global. Por iso, é fundamental coñecelos, analízalos e apoiar as loitas que apostan por formas de vida máis xustas, sostibles e en equilibrio coa natureza.

ACTIVIDADE 2. O mapa dos conflitos socioambientais

Descrición da actividade

Proxectamos de novo o fragmento do vídeo *O futuro non se vende. Mulleres defensoras en pé de terra* (do minuto 2:07 ao 8:48). Pedímoslle ao alumnado que durante a visualización tome apuntamentos das ideas chave e a información relevante.

Investigamos

Formamos grupos de 3 ou 4 persoas.

Despois, pedimos que cada grupo investigue sobre a existencia de conflitos socioambientais na rexión ou no Estado e escolla un deles.

Poden consultar o seguinte recurso: EJAtlas.

Un dos grupos ampliará a información da mina de Touro (Galicia), outro o proxecto de museo Guggenheim na Reserva de Urdaibai (Euskadi) e outro o modelo agrario industrial. O resto dos grupos escollerá outros conflitos.

Unha vez repartidos os conflitos, explicamos que deberán completar a seguinte ficha. Para iso, poden buscar información en Internet, preguntarllles aos seus avós e avoas, ás veciñas etc.

- Nome do conflito
- Onde ocorre? (Localización)
- En que consiste? (Proxecto ou actividade conflictivos)
- Quen o promove? Quen se beneficia?
- Liña do tempo do conflito
- Consecuencias ambientais, sociais, culturais e económicas
- Que reivindicacións existen respecto diso?
- Que papel teñen as mulleres nesta defensa?

Poden achegar imaxes, frases, testemuños etc.

Un mapa de conflitos

Despois de que cada grupo complete a súa ficha de investigación, realizaremos un mapa colectivo de conflitos. Pode ser un mapa físico ou o dunha ferramenta dixital como Google My Maps ou uMap.

ACTIVIDADE 2. O mapa dos conflitos socioambientais

Para iso, situaremos no mapa un resumo da ficha que inclúa:

- Tipo de conflito
- Empresas ou axentes responsables
- Principais consecuencias
- Principais resistencias



Exemplo de mapa de conflitos

Máis

Podemos preparar unha visita guiada ao mapa para convidar outras aulas ou outros cursos.

Reflexión final

- En que vos afectan a vós estes conflitos?
- Os vosos avós e avoas faláronvos de conflitos no pasado? Seguen vixentes hoxe en día? Como o viven elas e como o vivides vós?
- Por que é importante a loita colectiva fronte a estes conflitos?
- Que teñen que ver os conflitos socioambientais co capitalismo, o machismo e o colonialismo?

BLOQUE 2



O futuro non se vende: Imaxinar outros futuros para cambiar o presente

Durante séculos, aprendemos a ver a natureza como algo separado de nós, coma se o planeta fose só unha fonte de recursos para usar. Árbores que se converten en mobles, ríos que serven para producir electricidade, minerais que terminan nos nosos móbiles... Emporiso, *a Terra non só é un almacén de cousas, é o noso fogar e dependemos dela para sobrevivir.*

Ademais, os territorios non son só *natureza*, tamén son cultura, memoria, costumes, linguas, formas de vida. Os lugares teñen historia, e as persoas que os habitan teñen unha relación especial con eles. Mirar o mundo con curiosidade convídanos a coñecer o nome dunha planta silvestre que crece na rúa, a lembrar como cociñaban as nosas avoas, a escoitar como soa o noso barrio, que ríos pasan preto... Coñecer a nosa contorna e a nosa tradición é sementar a memoria que nos conecta co noso territorio e con formas de vida máis sinxelas, máis respectuosas, máis humanas.

Algunha vez imaxinaches como podería ser o mundo se as cousas funcionasen doutra maneira? Se coidásenos máis a natureza, se vivísenos máis amodo, se as persoas e os animais tivesen vidas dignas e tranquilas? Imaxinar outros futuros non só é soñar por soñar: é o primeiro paso para mudar as cousas.

Para cambiar o presente, cómpre imaxinarmos outras formas posibles de vivir, porque a imaxinación é o primeiro paso para cambiar as cousas. Atrevémonos a imaxinar un mundo doutra maneira ou outra maneira de estar na vida ábrenos a porta “ao posible”. Por iso é tan importante redescubrir a nosa relación co planeta: non velo só como algo que se usa, senón como algo que se respecta, como un lugar que nos dá vida e ao que tamén debemos coidar. Aínda que pareza algo miúdo, imaxinar, coidar, resistir..., son formas de cambiar o mundo.



E ti, atréveste a soñar?

FICHA 2



Como
imaginas
o futuro?

Videoforum

Para introducir as actividades desta ficha, primeiro proxectamos o fragmento do vídeo *O futuro non se vende. Mulleres defensoras en pé de terra* que vai do minuto 00:00 ao 1:03.

As defensoras imaxinan un futuro menos consumista, no que se coide a natureza, o aire, a auga, os ríos que nos dan de beber e a terra e o mar que nos dan alimentos, rodeadas dunha rede de persoas coas que compartir a vida. Tamén un mundo onde se prioricen formas de producir e consumir alimentos máis sostibles para o planeta Terra e as persoas, e onde os pobos sexan habitables. Unha terra onde, ademais, se nos permita desenvolver a nosa identidade colectiva.

Mediante as actividades desta ficha, imos xogar e crear desde a imaxinación; no entanto, antes podemos iniciar un debate sobre as seguintes cuestións:

- Que relación tedes co territorio que habitades?
- Que problemas sociais e ambientais vos preocupan? Credes que hai outras formas de cambialos alén do activismo, a denuncia e as leis?
- De que maneiras credes que dependemos do planeta para vivir?
- Que pode pasar cando usamos a imaxinación como un acto radical non só para soñar, senón para cuestionar o que hai e propor algo distinto?
- Que credes que cómpre para transformar o mundo?
- Que ten que ver o agarimo e o respecto coa transformación do mundo?

ACTIVIDADE 1. Postaís desde o futuro

Curso

3º e 4º ESO

Duración

1 sesión de 50-60 minutos

Materiais

- Cartolina ou modelo de postal
- Cores, rotuladores ou dispositivos dixitais se se fai en formato Canva ou Genially

Obxectivos

- Imaxinar futuros posibles para cambiar o presente
- Incentivar a capacidade creativa e imaxinativa do alumnado
- Potenciar a análise crítica fronte á crise ecosocial

Imaxinar un mundo sen guerras, sen violencias, sen prisións nin desigualdades pode parecer un exercicio de fantasía, pero xusto aí reside a súa forza, en atrevérmonos a pensar alén do que hoxe parece posible. Un feixe de persoas e movementos dedican as súas vidas a soñar e construír outros mundos; que mellor forma de exploralos que a través das historias?

A ficción visionaria ou as ecotopías son unha ferramenta poderosa para imaxinar futuros distintos. A diferenza da ciencia ficción tradicional, que adoita reproducir ideas de poder patriarcais, racistas ou coloniais e unha mirada apocalíptica do mundo que transmite a mensaxe de que non podemos facer nada por cambiar a situación e nos paraliza, A ficción visionaria crea mundos que viran ao redor da xustiza, a sustentabilidade e o coidado. Como di a activista Adrienne Maree Brown, estas historias “abranguen todo o fantástico, co arco sempre inclinado cara á xustiza”.

Non se trata de utopías inalcanzables, senón de posibilidades reais se nos xuntamos para compartir ideas, obxectivos e iniciativas de maneira que cobren máis forza. Imaxinar é o primeiro paso para transformar e contar historias que nos mostran como podería ser un mundo máis xusto, axúdanos a non conformarnos co que hai e a empezar a construír o que aínda non existe.

Non é unha utopía, é o mundo que poderíamos crear se nos implicamos niso durante o próximos sete ou oito anos

Rob Hopkins

ACTIVIDADE 1. Postais desde o futuro

Descrición da actividade

Pedímoslle ao alumnado que, de maneira individual, cree unha postal ilustrada enviada desde o ano 2075.

Para iso, suxerimos que primeiro imaxinen como é o futuro. Poden axudarse desta breve guía:

- Que fontes de enerxía fan que funcionen os vehículos?
- Como é a alimentación?
- Como se organizan os coidados?
- Como se producen as cousas que consumimos?
- Como se toman as decisións?
- Como son as cidades?
- Como é a túa vida, a túa familia, as túas amigas, o teu barrio, a túa aldea ou cidade?
- Como se ve o planeta?

A continuación, facemos as postais. Nunha das caras han de ilustrar o planeta Terra e a sociedade do 2075 e, nesoutra, han de escribir como sería a súa vida diaria se vivisen no futuro.

Por último, colgamos todas as postais dun fío na aula ou no corredor e deixamos un tempo para que poidan lelas.

Máis

Enviar as postais ao concello da túa vila ou cidade ou ás concellarías de medio ambiente.

Reflexión final

- Como te sentiches ao te pores na pel dunha persoa do 2075 que vive nun planeta con xustiza ecosocial?
- De todo o que imaxinamos, que cres que podemos lograr en 20 ou 30 anos?
- Que podemos empezar a facer desde o noso día a día para achegarnos a ese futuro que imaxinamos?
- Que mensaxe do futuro che gustaría enviarlles ás persoas responsables de tomar decisións a día de hoxe?

ACTIVIDADE 2. Un mapa para chegar ao futuro

Curso

Bacharelato e Formación profesional

Duración

2 sesións de (50-60 minutos por sesión)

Materiais

- Rolo de papel kraft grande
- Rotuladores
- Cartolinas
- Pegamento e celo
- Folios

Obxectivos

- Adquirir competencias para debullar problemas complexos e abstractos e sacar accións máis sinxelas e concretas con enfoque local
- Favorecer a comprensión da relación local-global
- Activar a imaxinación radical

Ás veces, fronte a problemas tan grandes como o cambio climático ou as desigualdades sociais, sentimos que non hai nada que poidamos facer. Esa sensación de impotencia pode paralizarnos. No entanto, o certo é que o cambio empeza tamén no pequeno, no cotián, no que está ao noso alcance.

Cada xesto conta e, cando moitas persoas se organizan e actúan xuntas, o que parecía imposible vólvese alcanzable. A forza está no colectivo. Como dicía Eduardo Galeano: *Moita xente pequena, en lugares pequenos, facendo cousas pequenas, pode cambiar o mundo.*

Por iso, é clave entender que **todas temos unha parte de responsabilidade na transformación social e que as nosas accións concretas, canda ás doutras, poden construír realidades máis xustas, sostibles e solidarias.**

ACTIVIDADE 2. Un mapa para chegar ao futuro

Descrición da actividade

Dividimos o alumnado en pequenos grupos para que reflexionen sobre a seguinte pregunta:

- Como imaxinas o futuro no que queres vivir?

Poden debater e debuxalo ou escribir palabras chave, entre outras opcións, para despois presentarllo ao gran grupo. Dámoslles algunhas directrices:

- Imaxina a túa vida, a túa familia, as túas amigas, o teu barrio, a túa aldea ou cidade
- Imaxina o mar, imaxina o monte
- Imaxina o instituto
- Imaxina que es maior: a que te dedicas, que fas no teu tempo de lecer, con quen vives
- Imaxina como te sentes

A continuación, pega un papel kraft ou algo similar no encerado ou na parede.

Despois, pomos en común os futuros nos que queremos vivir. Estes serán os destinos.

Mentres o alumnado fai este exercicio, anota os destinos en cartolinas dunha cor e pégaas no lado dereito do papel kraft. Após rematarmos, pensamos entre todas: que necesitamos para acadar ese destino? Estas serán as paradas.

No papel kraft, debuxa unha liña entre o punto de partida ao lado esquerdo e cada destino. Apuntamos as paradas que temos que facer para chegar a cada destino en cartolinas de diferente cor e ímolas pegando en cada camiño.


Construímos o mapa ao futuro

- Que podemos facer nós para camiñar cara a este futuro que imaxinamos?

Pensamos accións concretas en cada parada do camiño, que recollemos en cartolinas doutra cor e imos engadindo ao mapa.

Unha vez que estean recollidas, preguntamos que accións podemos facer nós, pola nosa conta, e cales podemos facer en grupo.

ACTIVIDADE 2. Un mapa para chegar ao futuro



Exemplo de mapa

Máis

Fanzine

Poden realizar un fanzine colectivo para reunir todas as propostas de destinos, paradas e accións e no que se poden incluír relatos ecotópicos, reflexións sobre a natureza, os coidados, entrevistas etc.

Reflexión final

- Como te sentiches imaxinando futuros posibles? Cres que as paradas que propuxestes son realistas?
- Paraches a pensar algunha vez cal é o impacto colectivo das nosas accións individuais?
- Que opinas desta afirmación? As accións colectivas son a clave para poder alcanzar os futuros que imaxinamos
- Que cres que significa a interdependencia?
- Que papel podemos desempeñar na transformación do planeta?

FICHA 3



Defensoras da terra e a vida

Videoforum

Para esta ficha, imos visualizar o fragmento que vai do minuto 1:04 ao 2:07 do vídeo *O futuro non se vende. Mulleres defensoras en pé de terra.*

Nesta parte coñecemos brevemente a Isabel, Belén e Eider, as tres defensoras protagonistas do vídeo que loitan día a día canda outras moitas persoas contra a mina de Touro, por outro modelo alternativo de produción alimentaria e contra o proxecto museístico do Guggenheim Urdaibai.

Antes de nos adentrarmos nas actividades desta ficha, convidámosvos a reflexionar colectivamente sobre as seguintes preguntas:

- Que significa a defensa do territorio?
- Credes que escoitar persoas como Isabel, Belén e Eider pode cambiar a nosa forma de ver o mundo? Por que?
- Achades que a defensa do territorio ten que ver só co medio ambiente? Con que outros elementos se relaciona?
- Por que credes que moitas das defensoras da xustiza ecosocial do mundo son mulleres?
- Nalgúns lugares do planeta, as persoas defensoras son asasinadas e violentadas. A que se debe?
- Imaxinábadesvos que en lugares próximos tamén hai defensoras?
- Como volas imaxinabades?
- Escoitastes falar das problemáticas territoriais que relatan?
- Parecevos que paga a pena mobilizarse?
- Coñecedes outras defensoras do voso pobo, cidade, barrio?
- Coidades que todas as defensoras son persoas públicas? Ou que en todos os lados hai persoas, sobre todo mulleres, que defenden a terra, a cultura, os costumes e as tradicións?

ACTIVIDADE 1. As defensoras que nos rodean

Curso

3º e 4º ESO

Duración

3 sesións de (50-60 minutos por sesión)

Materiais

- Cartolinas A4
- Elementos naturais para decoración

Obxectivos

- Recoñecer e visibilizar mulleres defensoras da xustiza ecosocial
- Visibilizar os coidados e a súa relevancia para sosteñer a vida
- Pór en valor as loitas cotiás

En todo o mundo, miles de mulleres e persoas defensoras dos territorios, os dereitos humanos e a vida sosteñen loitas fundamentais para protexer aquilo que nos permite existir: a auga, a terra, os corpos, a dignidade. Na súa loita polo territorio, están a resgardar unha cultura viva, unha lingua que conta historias propias e que inflúe en como percibimos, comprendemos e explicamos o mundo. Alén diso, resgardan unhas tradicións que teceron durante xeracións unha forma única de relacionarse coa natureza e entre si. Defender a terra é tamén defender unha forma de vida enraizada no respecto, o coidado e a pertenza. Porque, ao danar un territorio, atácase a memoria, a identidade e o dereito a habitar o mundo doutra maneira, máis xusta e harmoniosa coa contorna. Por iso, a súa loita é pola vida en todas as súas formas.

A pesar de que o seu labor é esencial, a miúdo son invisibilizadas, criminalizadas ou desprotexidas. Son elas quen sosteñen a vida, mesmo no medio de contextos hostís atravesados polo extractivismo, o machismo e a violencia.

Vivimos nun mundo profundamente interconectado. Somos ecodpendentes, porque a nosa existencia depende do equilibrio da natureza, e interdependentes, porque necesitamos do coidado mutuo e das nosas relacións para vivir con dignidade. Con todo, o capitalismo e o patriarcado relegaron os coidados a un segundo plano; en consecuencia, invisibilizáronse e deixáronse fóra dos espazos de poder, coma se fosen un asunto menor.

ACTIVIDADE 1. As defensoras que nos rodean

Fixéronnos crer que os coidados son un tema da vida privada; secasí, é importante entender que **o Estado ten responsabilidade sobre eles e debe garantilos e promover a súa visibilidade e relevancia.**

Recoñecer esta rede de relacións entre persoas, comunidades e ecosistemas é unha paso clave para imaxinar e construír un mundo máis xusto, onde a vida estea no centro. escoitar as defensoras, valorar os coidados e asumir a nosa interdependencia son xestos transformadores que nos convidan a formar parte activa da armazón da vida.



Belén Santamaría



Eider Gotxi



Isabel García

ACTIVIDADE 1. As defensoras que nos rodean

Descrición da actividade

Antes de iniciar a actividade, falamos sobre o concepto de defensoras da xustiza ecosocial, mulleres que, en todo o mundo e tamén preto de nós, coidan a natureza, defenden os dereitos humanos, protexen a auga, os bosques, a cultura, as tradicións e os saberes.

Explicamos que poden ser activistas coñecidas como as protagonistas do vídeo, pero tamén poden ser as nosas veciñas, avoas, tías, nais ou amigas que, cos seus xestos diarios, sosteñen a vida e a comunidade.

Por exemplo:

- Unha líder que defende o río da súa comunidade.
- Unha veciña que mantén o horto comunitario.
- Unha nai ou avoa que ensina receitas tradicionais e fala do valor dos alimentos de tempada.
- Unha moza que organiza talleres de reciclaxe ou limpeza do bosque.

Exposición sobre mulleres que coidan da vida e do territorio

Na cartolina, cada grupo porá a seguinte información da defensora que entrevistou.

- Nome ou pseudónimo da defensora.
- Foto —se dá permiso— ou debuxo/retrato.
- Lugar de residencia.
- Frase inspiradora ou que a represente.

Descrición breve das súas accións como defensora do territorio, a cultura, a vida ou o coidado.

A continuación, explicamos que imos realizar unha exposición de defensoras cotiás e, para iso, de forma individual ou en parellas, elixirán unha muller achegada a quen consideren unha defensora —aínda que non se nomee así—. Pode ser unha familiar, unha amiga, unha persoa do barrio, da aldea, do instituto etc.

ACTIVIDADE 1. As defensoras que nos rodean

A entrevista

Despois, entrevistarán brevemente esa persoa —de maneira oral, por escrito, por audio ou por vídeo— e recollerán a seguinte información:

- Que fai ou fixo para coidar a contorna do seu municipio ou barrio?
- Por que é importante para ela coidar o planeta, a cultura, as tradicións e utilizar o seu idioma materno acotío?
- Que son para ela a natureza, a cultura, as tradicións?
- Como imaxina o futuro?

Montamos unha exposición no centro —nos corredores, a aula, a biblioteca...— con todas as fichas de *Defensoras que nos rodean*. Pode acompañarse de música, murais, follas, terra ou elementos simbólicos, entre outros.

Máis

Pódese organizar unha visita guiada por grupos e convidar outros cursos.

Así mesmo, pódese convidar algunha das defensoras retratadas a que veña ao centro e comparta a súa experiencia.

Reflexión final

- Que aprendiches ao buscar unha defensora próxima a ti?
- Que opinas acerca de que as mulleres son responsables dos coidados?
- Que cousas pequenas poden ser transformadoras?
- Por que é importante visibilizar estes coidados invisibles?
Como participas ti destes coidados?

ACTIVIDADE 2. Corpo-territorio

Curso

Bacharelato e Formación Profesional

Duración

2 sesións de (50-60 minutos por sesión)

Materiais

- Folios e bolígrafos
- Copias da táboa de análise
- Acceso a Internet para realizar buscas de información
- Pinturas e rotuladores.

Obxectivos

- Coñecer a figura das defensoras do territorio e o labor que realizan.
- Identificar os elementos chave dos movementos cidadáns que se opoñen a iniciativas que danan a vida dos territorios.

- Entender a importancia da memoria histórica e das narrativas alternativas para a creación doutros futuros posibles.
- Sensibilizar sobre a igualdade de xénero.

Para o feminismo comunitario, a despatriarcalización busca desarmar, destruír o patriarcado para restablecer a comunidade, e a comunidade de comunidades como forma de organización da vida, das persoas e da natureza. Para acadar a despatriarcalización, por suposto, cómpre tocar a estrutura. Para iso, se propónse facelo desde cinco campos de acción e de loita, desde cinco dimensións políticas: corpo, territorio, tempo, movemento e memoria. Estas dimensións da vida non existen por separado de maneira permanente⁷.

- **Corpo:** como lugares de liberdade e autocontrol, con capacidade de establecer relacións positivas de amizade, amor, respecto e complementariedade, evitando as relacións de poder baseadas no machismo, o racismo e o clasismo. O corpo das mulleres é unha dimensión onde se constrúe e se sostén o patriarcado.
- **Territorio:** como campo vital tanxible e intanxible, no cal establecemos relacións harmónicas coa Pachamama Nai Terra e con outras persoas das comunidades e pobos en intercultura. Tamén é o lugar onde se manifesta o patriarcado, por exemplo, en forma de extractivismo.


⁷ Extraído do Diplomado rexional de educación despatriarcalizadora de InteRed. A autoría é de Adriana Guzmán.

ACTIVIDADE 2. Corpo-territorio

- **Tempo:** como experiencia cíclica e única para vivir ben desde o coidado da vida; para iso, é fundamental compartir o traballo de coidados. Tomado polo sistema patriarcal para a produción a través da explotación, o sistema déixanos sen tempo para a vida.
- **Movemento:** para empezar e terminar, proxectar, organizarnos, esixir, alzar a voz e aliarnos en loitas colectivas. Non se pode acabar cos sistemas de opresión en soidade.
- **Memoria:** son as nosas raíces, o que enlaza as nosas antepasadas, a sabedoría e información ancestral, a experiencia, a historia, as loitas, resistencias e rebeldías das nosas avoas que non hai que esquecer. Os sistemas de opresión trataron de borrarla.

O centro, o obxectivo ou horizonte político da despatriarcalización é a comunidade.

Esta metodoloxía foi exposta no Plan Nacional de Igualdade de Oportunidades *Mulleres construíndo Bolivia para vivir ben*.



ACTIVIDADE 2. Corpo-territorio

Descrición da actividade

Antes de comezar recoméndaselle ao profesorado profundar sobre que son os feminismos comunitarios e sobre os cinco elementos que se impulsan desde a educación despatriarcalizadora.

Defensoras

Comézase preguntándolle ao alumnado e anotando as ideas chave que vaian saíndo no encerado:

- Que credes que é unha *defensora do territorio*?
- Que fan?
- En que tipo de lugares viven?
- Por que teñen que defender o territorio?
- De quen ou de que teñen que protexelo?

Divídese o alumnado en tres grupos e a cada grupo asígnaselle unha problemática territorial das que aparecen no vídeo —mina de Touro O Pino, Museo Guggenheim Urdaibai, modelo agroalimentario actual— e que deberán analizar desde o cinco elementos do feminismo comunitario.

Para iso, a persoa docente deberá explicar a metodoloxía de despatriarcalización dándolle contexto e esclarecendo os cinco elementos.

Como guía para a súa análise, que o alumnado deberá realizar en base ás narracións das defensoras contidas no vídeo e á información complementaria que poida pescudar a través de Internet, cada grupo disporá dunha copia da seguinte.

Antes de comezar, o traballo de grupos, deixarase un tempo para que se familiaricen co contido obxecto de análise e, a continuación, procederase a visualizar o vídeo por segunda vez, xa coa atención enfocada nas temáticas que se van comentar.

Unha vez rematada a análise por grupos, escolléranse portavoces que presentarán os seus achados e conclusións en plenaria.

ACTIVIDADE 2. Corpo-territorio

CORPO (Analizar as relacións de poder que se dan nestas problemáticas, quen o exerce e como nos territorios e no benestar das persoas da zona)	
TERRITORIO (Que consecuencias teñen as problemáticas no territorio, tanto a nivel medioambiental como na vida da cidadanía, a saúde e a política dos territorios onde teñen lugar)	
TEMPO (Que implicacións no tempo tiveron estas problemáticas e a súa relación co coidado da vida)	
MOVEMENTO (Buscando mulleres ou organizacións de mulleres e investigando o seu papel nestas loitas. Tamén o da xente nova)	
MEMORIA (Recuperar a memoria das loitas pasadas do territorio))	
OUTRAS COUSAS QUE QUEIRADES RESALTAR	

ACTIVIDADE 2. Corpo-territorio

Máis

Cartografías vivas de defensa: unha viaxe escénica aos territorios en resistencia.

Crear unha *cartografía viva* —unha representación escénica e simbólica de cada problemática— que responda aos cinco elementos, pero a través de medios creativos (teas, papel kraft, xices, cordas, follas, elementos naturais, cartóns etc.).

Para iso, propónse crear un mapa no chan do seu territorio simbólico, que abrangue:

- **Corpo** → Un personaxe simbólico: como se sente? Como lle afecta o conflito?
- **Territorio** → Onde ocorre, que se dana, que se transforma
- **Tempo** → Liña do tempo con pasado-presente-futuro do conflito
- **Movemento** → Figuras de defensoras, mulleres, mozas: quen resiste?
- **Memoria** → Que loitas do pasado están presentes? Que saberes?

Exemplo: No grupo da mina de Touro - O Pino, poden usar diferentes materiais para representar o dano á terra, unha corda vermella ou de calquera outro cor como rastro de contaminación, e follas para simbolizar a resistencia.

Reflexión final

- Ves algunha diferenza entre os tres relatos que expón o vídeo?
- Que papel xogan as mulleres defensoras e que relación teñen cos coidados? E as persoas novas?
- Considerades que é importante traballar desde o colectivo? Que beneficios ten fronte a facer as cousas de forma individual?
- Que cousas son as que máis vos sorprenderon do que escoitastes nas narracións das tres defensoras e na vosa propia investigación?

FICHA 4



Por que
defendes
esta causa?

Videoforum

Para continuar con esta ficha, volvemos proxectar o vídeo *O futuro non se vende. Mulleres defensoras en pé de terra*, nesta ocasión o fragmento que vai do minuto 8:48 ao 11:13.

Aquí as defensoras explícanos que defenden estas causas por varios motivos:

- Isabel sinala a importancia de promover valores que poñan no centro o coidado do medio ambiente, das persoas e da saúde, fronte ás grandes empresas e multinacionais que priorizan o beneficio económico por encima do benestar das comunidades.
- Belén cóntanos que, a través da Huerta Molinillo, produce alimentos co obxectivo de coidar o solo e a saúde das persoas, e que este traballo contribúe a tecer unha rede de apoio mutuo, algo fundamental para impulsar cambios colectivos no futuro.
- Por último, Eider defende a idea de colectividade e de que unha sociedade informada e cunha mirada crítica é unha sociedade menos manipulable, por iso é importante coñecer outras causas e outras loitas colectivas noutros territorios.

Para reflexionar sobre este apartado, podemos facer as seguintes preguntas:

- Por que cres que estas mulleres defenden o territorio, a cultura e o respecto pola natureza? Que as move?
- Que significa para ti “coidar do territorio”? Cres que ti tamén podes facelo desde onde vives?
- Belén fala de crear redes. Que cres que significa? Por que é importante facer cousas canda outras persoas?
- Que diferenza hai entre producir alimentos para vender e producilos coidando a saúde das persoas e a terra?
- Que pensas sobre o que di Eider? Como podemos ser menos manipulables como sociedade?
- Coñecías antes algunha loita parecida á que mostran no vídeo? Cres que é importante coñecer o que pasa noutros lugares? Por que?
- Identificaste con algunha das ideas destas defensoras? En que aspectos?

ACTIVIDADE 1. Revista de Boas Noticias para o Planeta

Curso

3º e 4º ESO

Duración

3 sesións de (50-60 minutos por sesión)

Materiais

- Computadores, tabletas ou móbiles con acceso a Internet
- Revistas vellas, tesoiras, pegamento, rotuladores e papel (de ser versión en papel)
- Modelo ou guía para organizar os artigos (pode ser dixital ou impreso)
- Canva ou Documentos/Presentacións de Google para deseñar a versión dixital (opcional)
- Cartolinas, papel kraft, materiais para colaxe (de imprimirse ou exporse fisicamente)

Obxectivos

- Contrarrestar a ecoansiedade mostrando cambios positivos e reais

- Fomentar a expresión escrita, a creatividade e o traballo en equipo
- Desenvolver habilidades de investigación e selección de fontes fiables
- Promover unha mirada crítica e esperanzadora cara ao futuro ecolóxico

Moitas persoas, sobre todo novas, senten o que se chama **ansiedade ecosocial**: unha sensación de angustia, preocupación ou medo ao pensar en problemas como o cambio climático, a contaminación ou a perda de biodiversidade. Esta ansiedade prodúcese porque son moi conscientes da gravidade destes problemas, mais adoito senten que non poden facer nada para cambialos.

Aínda que é normal preocuparse polo planeta, tamén é moi importante coidar a saúde emocional. **Unha boa maneira de facelo é coñecer as solucións e as historias de esperanza que xa están a ocorrer.** Por exemplo, hai comunidades que están a recuperar bosques, cidades que reducen a contaminación ou xente nova que crea proxectos para protexer a auga ou a terra.

Coñecer estas noticias axuda a lembrar que si se pode loitar por un mundo mellor e que moitas persoas xa o están facendo. Axuda a recuperar a confianza, a imaxinar futuros diferentes e a sentir que as accións, por pequenas que sexan, tamén contan.

ACTIVIDADE 1. Revista de Boas Noticias para o Planeta

Descrición da actividade

Comezamos cunha breve conversa:

- Por que as noticias ambientais que máis vemos adoitan ser negativas?
- Por que é importante coñecer tamén os avances e solucións que xa existen?

A continuación, explicamos que se van converter en xornalistas e editoras dunha revista e que deberán investigar sobre noticias positivas ecosociais.

Xornalistas por un día

Os equipos investigan (con axuda do profesorado se fai falta).

Cada grupo elabora un ou varios artigos con linguaxe sinxela, positiva e comprensible. Poden abranguer:

- Noticias reais (con fontes).
- Entrevistas ficticias a científicas ou activistas.
- Ilustracións, cómics, encrucillados ecolóxicos, recomendacións de libros, pódcasts etc.

Montamos a revista

sobre:

- Iniciativas de reforestación, restauración de ecosistemas.
- Cambios de leis ou políticas verdes.
- Innovacións ecolóxicas (tecnoloxía, arquitectura, agricultura sostible...).
- Logros ambientais e sociais en lugares con conflitos abertos
- Accións colectivas de xente nova, comunidades, movementos ecoloxistas etc.

Cada grupo diseña a súa páxina. Pode facerse:

- Á man (colaxe sobre papel ou cartolina).
- En dixital (con Canva, Presentacións de Google ou similar).

Despois recompilámolas todas e deseñamos unha portada para a revista.

ACTIVIDADE 1. Revista de Boas Noticias para o Planeta

Máis

Noticiero verde en directo:

No canto de facer unha revista escrita, créase un programa de noticias ambiental positivo en formato vídeo ou teatro: cada grupo prepara unha sección dun informativo (noticias, parte de humor, meteo ecolóxica, entrevistas etc.). Pódese representar na clase.

Tamén se pode facer en formato reel.

Reflexión final

- Credes que coñecer estas historias positivas vos pode axudar a afrontar a ansiedade ou a preocupación polo medio ambiente? Por que?
- Que noticias ou exemplos vos inspiran máis e por que?
- Por que é importante non quedar só coas noticias negativas sobre o medio ambiente?
- Que lle diríades a alguén que pensa que *xa non hai nada que facer* polo planeta?

ACTIVIDADE 2. Colaxe corporal da ecodependencia

Curso

Bacharelato e Formación Profesional

Duración

1 sesión de 50-60 minutos

Materiais

- Revistas vellas
- Xornais
- Tesoiras
- Pegamento
- Papel grande
- Cores, rotuladores
- Follas secas, fíos
- Papeis reciclados...

Obxectivos

- Fomentar a conciencia ecolóxica desde un enfoque psicoemocional
- Desenvolver a linguaxe simbólica e a creatividade como ferramentas de expresión
- Entender o concepto de ecodependencia

A ecodependencia significa que *as persoas dependemos totalmente da natureza para poder vivir*. Vivimos nun sistema que moitas veces nos fai esquecer esta conexión tan forte coa natureza. Nas cidades, por exemplo, vemos supermercados cheos de produtos, luces eléctricas ou edificios altos e semella que todo *aparece* por encantamento. No entanto, todo o que consumimos vén dalgún lugar natural. A comida medra na terra. A roupa vén de plantas como o algodón ou de animais. A enerxía que usamos para quentar as nosas casas ou cargar o móbil tamén provén do planeta etc.

Recoñecer que somos seres ecodependentes significa decatarse de que non somos independentes nin autosuficientes: necesitamos coidar a terra, a auga, o aire e a todos os seres vivos para poder seguir vivindo. Isto implica consumir con máis responsabilidade, non malgastar, reciclar, respectar os ritmos da natureza e buscar formas de vivir que non destrúan o planeta.

Non vivimos sobre a terra, vivimos grazas a ela
Revista Endémico

ACTIVIDADE 2. Colaxe corporal da ecodependencia

Descrición da actividade

Imos explorar, a través do corpo e a expresión corporal, como dependemos da natureza para vivir e que vínculos nos unen a ela.

Para iniciar a actividade, explicamos brevemente o concepto de ecodependencia e como os seres humanos dependemos dos ciclos naturais, a auga, o aire, a terra, as plantas, os animais...

Podes lanzar algunhas preguntas para activar a reflexión:

- Que necesitamos para vivir que proveña da natureza?
- Como nos damos conta desa dependencia na nosa vida cotiá?

Podes pór sons da natureza ou música instrumental de fondo.

Somos ecodependientes

Despois, en grupos de entre 4 e 6 persoas, teñen que crear cos seus corpos unha forma ou figura colectiva que represente como as persoas estamos conectadas coa natureza e entre nós.

Poden formar, por exemplo, unha árbore humana, unha rede de raíces, unha montaña, un río, un sistema de coidado, ora de maneira estática, ora con pequenos movementos repetidos — como respirar, balancearse, fluír...—. Ademais, pódense usar teas, follas, cordas ou outros elementos naturais ou simbólicos para enriquecer a representación.

Posta en común

Por último, reflexionaremos sobre a actividade mediante preguntas deste tipo:

- Que quixestes representar? Por que motivo?
- Que emocións vos espertou o exercicio?

Podemos pechar cunha colaxe colectiva na que cada persoa se vai sumando representando aquilo que lle suxira a ecodependencia.

ACTIVIDADE 2. Colaxe corporal da ecodependencia

Máis

Autorretrato ecolóxico:

Crear un autorretrato simbólico composto por elementos da natureza mediante debuxos, colaxe, pintura etc., cos que se identifiquen, por exemplo: Tes un corazón de río?, unha cabeza de nube?, os teus pés son raíces?

Pode incluír unha breve descrición escrita como esta: *Son mar porque sinto moitas emocións dentro; Son semente porque estou comezando a espertar.*

Reflexión final

- Cres que as persoas que habitamos as cidades vivimos de costas á natureza? Por que?
- Que emocións che xera pensar que a túa vida depende da natureza?
- Por que cres que na sociedade actual se fala tan pouco da ecodependencia?
- Que conexión ves entre a ecodependencia e os problemas ambientais do mundo actual?
- Que pasaría se seguimos vivindo coma se non fósemos ecodependentes?

FICHA 5



Que é
para ti a
natureza?

Videofórum

Proxectamos desde o minuto 14:47 ata o final o vídeo *O futuro non se vende. Mulleres defensoras en pé de terra* . Neste fragmento final, Isabel fálanos do que significa para ela a natureza.

Reflexionar ao redor das seguintes cuestións axudaranos a adentrarnos nas actividades que se propoñen a continuación.

- Que sentimentos che transmite Isabel cando fala da súa conexión coa natureza? Sentícheste algunha vez así nun lugar natural?
- Que significa para ti a natureza?
- Cres que coidar a natureza é tamén coidarnos a nós mesmas? Por que?
- Que lugares naturais coñeces que sexan importantes para ti ou a túa contorna? Que historias gardan?
- Por que Isabel di que sen medio ambiente non hai vida? Que significa esta afirmación?
- Como se utilizan os sons no vídeo?
- Sabes o que son as paisaxes sonoras? Algunha vez lle prestaches atención a como soa a túa contorna?



ACTIVIDADE 1. Natureza resistente

Curso

3º e 4º ESO

Duración

2 sesións de (50-60 minutos por sesión)

Materiais

- Móbil
- Impresora a cor
- Ficha de exploración
- Follas
- Rotuladores

Obxectivos

- Visibilizar a natureza resistente da nosa contorna
- Reflexionar acerca das cidades e a súa dependencia da natureza
- Recoñecer o valor ecosocial de todas as plantas
- Fomentar a observación

Hasche fijado algunha vez nas plantas que crecen entre as lastras?, as que brotan nunha fachada abandonada?, as que salguen nas escaleiras? Parece que nas cidades as plantas só están nas xardineiras ou nos parques, pero a realidade é que hai moitísimas plantas que resisten o cemento e medran en calquera recuncho.

E isto sucede porque, de o pensarmos un intre, darémonos conta de que as cidades se apoian na natureza. *Alí onde hai un edificio é porque hai un solo que o sostén. A cidade é natureza.*

Polo xeral, esas plantiñas coñecémolas como “maleza”; porén, este tipo de flora favorece a biodiversidade ao proporcionarlles alimento e hábitat a unha chea de insectos, aves e pequenos mamíferos.

Nesta época que estamos a vivir, repleta de urxencias e desafíos medioambientais, temos que lembrar que as vidas e historias humanas e non humanas forman parte da mesma armazón. A construción de novos mundos habitables demándalles ás persoas que saiban escoitar as vidas humanas e non humanas e non tenten controlalas e recibir beneficios por todo.

ACTIVIDADE 1. Natureza resistente

Descrición da actividade

Sairemos por parellas ou grupos pequenos a explorar os arredores do instituto. Neste paseo, convidaremos o alumnado a observar e fotografar exemplos de *natureza resistente*.

Coa axuda de Google Lens, pedirémoslles que busquen información de 3 tipos de plantas diferentes e que completen a seguinte ficha:

- Foto da planta
- Nome común (e científico, se o atopan)
- Lugar onde se atopou
- Reflexión: que representa este exemplo de vida urbana?
- Unha pequena *mensaxe da planta* ao mundo: que nos diría se falase?

A cidade verde que non vemos

O alumnado organizará as fichas nun herbario ao que lle engadiremos unha portada e unha introdución onde explicaremos en que consiste. Poden ordenar os contidos por orde alfabética ou mediante calquera outro criterio que acorden.

Máis

Narracións de plantas con voz propia:

Poden escribir microrrelatos dándolles voz propia ás plantas.

Reflexión final

- Para que serve observar a natureza que nos rodea?
- Que aprendemos sobre a resiliencia da vida?
- Como cambiaría a nosa mirada sobre a cidade se prestamos máis atención?
- Como podemos coidar e recoñecer estas formas de vida invisibilizadas?

ACTIVIDADE 2. Paisaxes sonoras

Curso

Bacharelato e Formación Profesional

Duración

1 ou 2 sesións (50–60 min por sesión)

Materiais

- Móviles con gravadora de voz ou aplicacións de gravación (como Dolby On, Easy Voice Recorder...)
- Altosfalantes ou auricular de boa calidade
- Proxector ou pantalla para mostrar o vídeo do sonograma
- Papel e bolígrafos ou caderno de campo
- Acceso ao vídeo de YouTube: [escoita do sonograma](#)
- Móbil con gravadora de son
- Ferramenta dixital tipo [Padlet](#) ou [Google Jamboard](#) (opcional)

Obxectivos

- Fomentar a escoita activa e consciente como ferramenta de conexión coa contorna
- Recoñecer o valor ambiental e cultural da paisaxe sonora
- Reflexionar sobre os cambios ecolóxicos e sociais a través do que se ouve —e o que xa non se ouve—
- Relacionar son, memoria e territorio

Os sons que nos rodean contan historias: do lugar no que vivimos, das súas transformacións, do que cambiou e do que se perdeu. Reflexionar sobre o que ouvimos, e o que xa non ouvimos, permítenos conectar coa memoria do territorio e cos cambios ecolóxicos e sociais que o atravesan. O canto dun paxaro que xa non se escoita, o barullo dun mercado que desapareceu, o silencio onde antes había río... Todos estes sons —ou a súa ausencia— fálannos de transformacións profundas nas nosas contornas. Escoitar con atención convértese, así, nunha ferramenta poderosa para coidar, lembrar e actuar sobre o mundo que habitamos.

ACTIVIDADE 2. Paisaxes sonoras

Descrición da actividade

Antes de empezar a actividade, podemos reflexionar sobre estas cuestións:

- A que soa o noso barrio, a nosa aldea ou cidade? Somos conscientes deses sons?
- Que sons desapareceron?
- Que soa a *natureza*? Que soa a *crise*?

Escoita do sonograma

Proxéctase o vídeo do sonograma: [escoita do sonograma](#) (4 min), e pedimos que presten atención e que, mentres escoitan, anoten ou debuxen cos ollos pechos o seguinte:

- Sons que recoñecen
- Sensacións que lles provoca
- Que cren que nos conta ese son sobre ese lugar

Despois de escoitar o sonograma, abrimos un diálogo ao redor das seguintes preguntas:

- Que pasaría se eses sons desaparecesen?
- Que nos di esta paisaxe sonora sobre o equilibrio do ecosistema?
- Que sons da propia contorna deixaron de escoitarse co tempo? Por que?

A miña paisaxe sonora

Sáímos á rúa a explorar a nosa contorna. Podemos facelo durante a hora de clase ou pedirllas que o fagan fóra do horario escolar.

Pediremos que graven 3 sons de diferentes lugares e que completen unha pequena ficha por cada son coa seguinte información:

- Onde están?
- Que se ouve?
- Que lles transmite?
- Vinculación deste son coa infancia, coa súa familia, cos seus recordos etc.
- Cren que ese son existía fai 20 anos? Seguirá existindo dentro de 20 anos?

Darémolles uns breves consellos para gravar os sons coa maior calidade posible:

- Achega o micro ao son o máximo posible e fica en silencio.
- Grava co micrófono o máis inmóbil posible.
- Grava un mínimo de 30 segundos.
- Escoita sen xulgar. Non hai sons *bos* ou *malos*, todos contan algo.
- Respecta a contorna e as persoas. Non graves conversas sen permiso.
- Goza de escoitar o mundo doutra forma.

ACTIVIDADE 2. Paisaxes sonoras

A paisaxe sonora da clase

De volta á aula, cada persoa ou grupo escoita os seus sons e elixe un representativo.

A través do móbil, sóbeno á plataforma que escollamos anotando a seguinte información:

- Lugar
- Descrición do son
- Que nos di sobre a contorna?
- Que sentimentos esperta?
- Está en risco esa paisaxe sonora?

Outra opción pode ser escoitalos directamente na aula un por un.

Máis

Mural sonoro:

Montar un audio con fragmentos gravados, frases ditas polo alumnado ou sons simbólicos (pódese usar Audacity ou mesmo aplicacións móbiles).

Mapa sonoro:

Crear un mapa sonoro colectivo onde se sitúen os audios sobre un mapa real da localidade ou zona.

Reflexión final

- Que aprendiches escoitando a túa contorna?
- Que diferenza hai entre un lugar que soa a natureza e un que soa a colapso?
- Cres que protexer o son dun lugar tamén é protexer a súa vida?
- Que son non queres que desapareza nunca?

FICHA 6



Moçidade
sementando
o futuro

Videofórum

Por último, neste fragmento, as defensoras fálannos da importancia da participación da mocidade nas distintas loitas ecosociais.

No caso de Galicia, foi a xente nova que promoveu a primeira reunión fai 7 anos fronte á ameaza da reapertura da mina. Belén, en Castela e León, convida as persoas novas a colaborar cos avós e avoas nas hortas das aldeas no verán.

Eider, desde o País Vasco, explícanos que a xente nova na plataforma é a que se encarga de facer as pancartas ou de gravar as accións en vídeo e de participar nas accións directas.

Para reflexionar sobre a importancia de que a xente nova se involucre nas loitas ecosociais, podes proxectar o fragmento que vai do minuto 11:14 ata o 14:36 do vídeo *O futuro non se vende. Mulleres defensoras en pé de terra* e despois fomentar o diálogo colectivo a través destas preguntas:

- Que papel xogan as persoas novas nas loitas que aparecen no vídeo?
- Sentícheste algunha vez parte dalgunha acción colectiva ou causa parecida? Como foi?
- Por que cres que é importante que a xente nova se implique na defensa do medio ambiente e do territorio?
- Que podes achegar ti, coa túa idade, a unha loita colectiva?
- Que cres que podes aprender participando canda persoas maiores ou doutras xeracións?
- Como sería unha acción de defensa do territorio organizada por mozas e mozos na túa contorna?

ACTIVIDADE 1. Mapa da natureza da miña vida

Curso

3º e 4º ESO

Duración

2 sesións de (50-60 minutos por sesión)

Materiais

- Mapas impresos da vila ou cidade (ou acceso a Google Maps en dixital)
- Cartolinas ou papel kraft grande
- Post-its ou cartóns pequenos
- Cartolinas ou post-its verdes
- Rotuladores, lapis de cores, pegamento, tesoiras

Obxectivos

- Identificar espazos naturais relevantes da contorna local
- Fomentar a conexión emocional coa natureza desde a experiencia persoal
- Valorar a importancia de conservar os espazos naturais urbanos ou próximos
- Potenciar o sentido de pertenza e o coidado do territorio
- Incentivar a mobilización social

A participación da mocidade nas loitas ecosociais é fundamental para dar continuidade ás resistencias que comezaron as nosas antepasadas. Como di Isabel, a defensora galega, *o que contaban as nosas avoas estamos a vivilo de novo*. Chove sobre mollado: os conflitos repítense, pero tamén se renovan as forzas para enfrontalos.

Ademais, que as persoas mozas esteades involucradas nestas loitas, tamén achega ideas e formas novas de facer as cousas.

Grazas á vosa mirada fresca e actualizada, e á experiencia das persoas máis maiores, conéctanse as loitas pasadas e presentes.

As persoas novas non só herdades as consecuencias dun modelo extractivista e desigual, tamén o facedes coa memoria das loitas e o poder de transformalas.

Asumir esa substitución significa conectar pasado e presente, escoitar as voces que nos precederon e actuar con creatividade e compromiso aquí e agora. A vosa implicación mantén vivas as esperanzas, reactiva o tecido comunitario e demostra que outra forma de habitar o mundo é posible.

ACTIVIDADE 1. Mapa da natureza da miña vida

Descrición da actividade

Para empezar, reflexionamos sobre a importancia dos espazos naturais urbanos e rurais (parques, ríos, hortas, montes, praias, camiños etc.) e o seu papel na nosa vida emocional, social e ambiental.

Exploración individual


Pedimos que, de maneira individual, pensen en lugares naturais da súa vila ou cidade que sexan especiais para elas e eles (o parque onde xogaban, o río onde paseaban, a árbore onde se refuxiaban etc.).

Creación do mapa colectivo

En gran grupo elabórase un *mapa afectivo da natureza*:

- Sobre un mapa físico ou debuxado en papel kraft, o alumnado sitúa os espazos naturais mencionados.
- Cadaquén pega a súa lembranza, emoción ou historia á beira do lugar correspondente.
- Pódense engadir fotos, debuxos ou símbolos que representen cada lugar.

MAPA AFECTIVO DA NATUREZA



Exemplo de mapa

As nosas accións contan

Unha vez creado o mapa afectivo, pasamos a reflexionar e actuar. A partir dos lugares e recordos compartidos, o grupo conversa sobre:

- Que ameazas teñen estes espazos naturais hoxe en día?
- Como cambiaron nos últimos anos?
- Que sentimos ao pensar que poderían desaparecer ou degradarse?

ACTIVIDADE 1. Mapa da natureza da miña vida

Proposta de accións concretas

Pedímoslle ao alumnado que pense e propoña accións concretas que poden facer de maneira individual ou en grupo para coidar e conservar eses espazos. Algunhas ideas serían:

- Non deixar lixo cando imos a un parque, un río ou unha praia.
- Organizar unha xornada de limpeza coa clase ou en familia.
- Plantar árbores ou coidar xardíns escolares ou comunitarios.
- Denunciar verteduras ou condutas prexudiciais a través do concello ou as redes sociais.
- Gravar un vídeo curto para sensibilizar sobre un dos lugares do mapa.
- Colaborar con colectivos locais que defenden estes espazos.

Cada acción escríbese nun cartón verde que se engade ao mapa como símbolo de compromiso colectivo. Se queren, poden asinalas ou colocalas nunha *árbore de compromisos*.

Máis

Historias sonoras das paisaxes da nosa vida

No canto de facer un mapa visual, pódese gravar un pódcast ou audio-relato cos recordos e sons asociados a cada lugar (ruído da auga, canto de paxaros, follas etc.).

Os audios pódense subir a un mapa dixital colaborativo con ferramentas como [Google My Maps](#), [StoryMapJS](#) ou [Genially](#).

Reflexión final

- Que podemos facer para protexer estes lugares?
- Sorprendeuvos algún recordo ou espazo que compartiu outra persoa?
- Como cambia a nosa relación coa natureza cando conectamos con ela a nivel emocional?
- Que vos gustaría contarlle a alguén de fóra sobre os espazos naturais da vosa vila ou cidade?

ACTIVIDADE 2. Infinicións; da palabra á acción

Curso

Bacharelato e Formación Profesional

Duración

2 sesións de (50-60 minutos por sesión)

Materiais

- Follas para escribir
- Cartolina ou papel kraft

Obxectivos

- Promover o compromiso ecosocial
- Fortalecer a implicación do alumnado na construción dun mundo máis xusto
- Fomentar a creatividade e o pensamento diverxente

A linguaxe non só nomea o mundo: tamén o crea, o ordena e lle dá sentido. A través das palabras aprendemos a mirar, a sentir, a imaxinar. No entanto, con frecuencia as palabras que usamos están cheas de significados impostos, pechos, que non nos representan de todo.

Por iso, ás veces non se trata de definir, senón de abrir; de xogar cos sentidos, de desbordar os límites, de inventar novas formas de dicir para imaxinar novas formas de vivir. As palabras teñen moitas capas: poden ser semente, protesta, refuxio, tenrura ou lume.

ACTIVIDADE 2. Infiricións; da palabra á acción

Descrición da actividade

Introducimos a actividade explicando que a linguaxe moldea a forma en que vemos o mundo. As palabras teñen moitas capas e poden ser resignificadas. Ás veces, o importante non é definir, senón abrir sentidos que dan paso a crear outros mundos posibles

Por grupos de entre 3 e 4 persoas, repártense as palabras:

Tenrura, colectivo, común, crise, afecto, xustiza, coidados, diversidade, activismo, futuro, rexeneración.

Cada grupo escribe unha ou máis infiricións da palabra: definicións abertas, poéticas, metafóricas, incompletas, con preguntas, sentimentos ou imaxes.

Exemplo:

- Crise: É un cruzamento de camiños. Doe, pero abre. Ás veces, empúxanos ao novo.
- Tenrura: Esa forma de mirar con coidado. Pode ser unha palabra, unha manta, un silencio.

Cada grupo pega a súa infirición nunha cartolina ou mural común. Lese en voz alta cada unha

Opcionalmente, pódese acompañar con ilustracións, debuxos ou colaxes que a representen.

Da palabra á acción

Para introducir o seguinte bloque, conversamos sobre estas preguntas:

- Que nos fixeron sentir estas palabras? En cal nos recoñecemos máis?

A continuación, cada grupo elixe unha palabra e propón unha acción concreta que se poida levar a cabo na súa contorna (instituto, barrio, casa) relacionada coa súa infirición. Para iso, deben pensar no seguinte:

- Que expresa a nosa palabra?
- Que necesita?
- Que podemos facer para sementala no mundo?

Exemplos de accións:

- Tenrura → Crear *caixas de correos de tenrura* anónimas na aula.
- Coidado → Facer un plan de *coidados compartidos* na aula (limpeza, escoita, apoio emocional).
- Crise → Investigar unha crise ambiental local e escribir cartas de propostas ao concello.
- Activismo → Crear un minipódcast ou vídeo con causas que lle importan ao grupo.

ACTIVIDADE 2. Infinicións; da palabra á acción

Máis

Converter as palabras, infinicións e accións nunha exposición artística ou poética titulada: *Glosario para un mundo posible*. Pode incluír debuxos, vídeos, instalacións con obxectos, performances, colaxes etc.

Reflexión final

- Que palabra che fixo pensar máis? E sentir?
- Por que é importante imaxinar novas formas de dicir o mundo?
- Como unha palabra se pode converter nunha acción?
- Cal destas accións che gustaría tornar en realidade?



Queremos agradecerlle ao profesorado que día tras día sementa sementes de conciencia, esperanza e compromiso, non só con palabras, senón co exemplo de quen ere e constrúe un mundo máis xusto e sostible para todas as persoas.



Grazas